

**Xosé A. Fernández Salgado / Aquilino Alonso Núñez (2019): *Non habrá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 464 páxs.**

Este é o volume homenaxe que se lle ofrece ó profesor da Universidade de Vigo Antón Palacio Sánchez con motivo da súa xubilación en setembro de 2017. Case 500 páxinas que recollen traballos de 28 colaboradores diferentes (9 mulleres e 19 homes), agrupados en tres seccións que teñen moito que ver coa traxectoria profesional dun docente querido e respectado por compañeiros e alumnos.

Unha homenaxe que cómpre saudar con simpatía e admiración, pola escolma dos temas, polos nomes dos eruditos que nel asinan e polo coidado e agarimo con que foi pensado e preparado. Obsérvase todo isto desde o propio Limiar, asinado polos editores, Xosé A. Fernández Salgado e Aquilino S. Alonso Núñez, que, en apenas media ducia de páxinas, describen á perfección a concepción do libro que o lector ten nas mans e o asunto abordado en todos e cada un dos artigos.

Tras este breve texto aclaratorio, dous textos introdutorios sobre o homenaxeado. O primeiro a cargo dun dos editores, Fernández Salgado quen resume a traxectoria persoal do homenaxeado e expón a bibliografía completa das súas publicacións; o outro, unha fermosa *laudatio amical* e afectiva, asinada por unha antiga exalumna hoxe amiga e colega, Amparo Solla.

A seguir, os tres equitativos apartados en que se divide con acerto a homenaxe. Son: Estudos de lingua, Estudos de literatura e Estudos de onomástica, pois a estes campos –e a algún máis– tense entregado con fortuna e entusiasmo o profesor Antón Palacio ó longo dos últimos corenta anos. Estudante preciso e defensor confeso da nosa lingua afondou, desde os seus primeiros estudos, no significado e historia da toponimia galega e ten aportado, en artigos e edicións, interesantes achegas literarias sobre autores tan senlleiros nas nosas letras como López Ferreiro, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou Otero Pedrayo.

Na primeira das tres seccións, integrada por sete traballos, toman a palabra un total de oito investigadores. Ordenados alfabeticamente, tal e como aparecen no índice, son: Aquilino S. Alonso Núñez, Rosario Álvarez e Ernesto González, Inmaculada C. Báez Montero, Ana Iglesias Álvarez, Ramón Mariño Paz, Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé Soto Antón. Fornecen traballos que abordan cuestións diversas. Algunhas relacionadas con aspectos formais e eruditos como a de Rodríguez Guerra sobre lexicografía e marcadores discursivos ou a de Alonso Núñez sobre as formas dos numerais, cuantificadores e identificadores recollidas no municipio ourensán de Castrelo do Val. Outras, achéganse a cuestións de historia da lingua como o traballo de Mariño Paz centrado nas evolucións das formas verbais dizes, diz e dicen no galego medio ou ofrecen fragmentos literarios en galego do XVIII tan pouco coñecidos e interesantes como os presentados por Rosario Álvarez e Ernesto González.

Artigos hai tamén que se achegan a cuestións didácticas, como o de Ana Iglesias, sobre a importancia da práctica e avaliación da lingua oral no ensino medio, ou o de Inmaculada C. Báez, sobre a necesidade de revisar a ortografía do castelán na procura dunha ortografía inclusiva e tecnolóxica. Seguro que o comprometido docente que é Antón Palacio, coautor de innumerables libros de texto e proxectos lúdicos e didácticos, apreciará ben estes agasallos.

No apartado dos estudos literarios, atopamos as colaboracións de Ana Acuña, Anxo Angueira, Burghard Baltrusch, Benigno Fernández Salgado, Manuel Forcadela, Carlos Nogueira, Camino Noia, Sánchez Ferraces e Dolores Troncoso. Se a primeira se centra con mestría nas cartas que Virginia Pereira Renda lle escribiu a Otero Pedrayo desde o exilio tras o pasamento de Castelao, a última aborda un tema ben diferente, a relación de Galdós co xornal *La Prensa* de Buenos Aires onde publicou, a finais do XIX, unha serie de artigos sobre Portugal.

Nas letras portuguesas detense un grupo non pequeno de colaboradores. Burghard Baltrusch, coñecendo ben o labor como tradutor de Antón Palacio, afonda na tradución da obra poética de José Ángel Valente a esa lingua. Carlos Nogueira estuda a sátira moral no Barroco e no Neoclasicismo portugueses e Sánchez Ferraces centra a súa contribución na trágica vida e na obra de Mário de Sá-Carneiro.

Noutra orde de cousas pero na liña do estudo literario, Anxo Angueira argumenta en contra da teoría que quere ver no romanticismo a xénese do Rexurdimento, Forcadela traballa con *Xoguetes para un tempo prohibido* de Carlos Casares e Camino Noia en como os nosos contos tradicionais reflicten con realismo os costumes alimentarios da sociedade rural galega.

No derradeiro dos apartados do volume que vimos comentando atopamos outros nove traballos, esta vez sobre onomástica e toponimia. Cómpre ter presente que a orixe dos nomes de lugar foi a grande paixón do homenaxeado cando comezou a súa traxectoria como investigador. Basta revisar a listaxe de traballos por el publicados para comprobar como, entre 1974 e 1981, abundan as achegas (algunhas definitivas) neste terreo.

O primeiro colaborador deste apartado final, Xesús Alonso Montero, ofrece un ameno traballo sobre os pseudónimos por el empregados. Ademais da listaxe pertinente, agasállanos con noticia bibliográfica do lugar onde os empregou e unha breve reflexión sobre as orixes e a clasificación dos mesmos. No terreo da onomástica debe incluírse tamén o seguinte traballo, o de Arias Freixedo, que propón novas lecturas nos topónimos e alcumes dalgunhas cantigas medievais. A seguir, a académica Ana Boullón analiza con detemento e afán sistematizador a pegada das cores branca e negra na orixe dos topónimos galegos. Xosé Henrique Costas non se afasta tampouco da toponimia cando nos ofrece unha serie de interesantes reflexións sobre os nomes de lugar de orixe galega alén dos nosos lindeiros administrativos actuais. Ao estudo dos topónimos súmase tamén un exalumno de Palacio, Víctor Fresco, que ofrece unha suxestiva listaxe comentada de topónimos libios. Lema Suárez explica a imposición dunha autoridade

eclesiástica no topónimo Santa Sía que a partir do século XVI pasou a ser Santa Cecilia de Roma.

Luz Méndez analiza os apelidos foráneos en Galicia, a súa incorporación ó corpus e as adaptacións que sufriron e Gonzalo Navaza achega un interesante estudo sobre Santa Baia das Donas unha das parroquias de Gondomar, onde houbo un mosteiro feminino, e sete topónimos próximos que son únicos na toponimia galega e ignotos noutras áreas.

A última colaboración do libro é a de Antón Santamarina, profesor na universidade compostelá de Antón Palacio cando este cursou de mozo Filosofía e Letras, quen lle ofrece ao seu exalumno a transcripción e o estudo dun «Fragmento dun caderno de toponimia atribuíble a J. Cornide» conservado no arquivo da RAG.

Este importante lote de traballos académicos dialogan de forma intelixente e confidencial co homenaxeado e coa súa obra. Os autores das achegas, unidos pola consideración e o respecto, conéganse nas páxinas desta homenaxe para ofrecernos un mosaico de erudición e variedade temática que cadran ben co espírito plural, metódico e comprometido da traxectoria desenvolvida polo profesor Antón Palacio a quen o título do volume, tomado dun fragmento de *Se o vello Sinbad volvese ás illas* de Álvaro Cunqueiro, lle acae especialmente ben.

Patricia Arias Chachero  
patchachero@hotmail.com